

Pola recuperación do poder adquisitivo de pensións e salarios.

Mobilización en Madrid o día 15 de Outubro.

21/07/2022

As persoas pensionistas, e traballadoras en activo, vimos sufrindo un proceso continuo de perda de dereitos sociais e de restrición de liberdades en especial desde a crise do 2008, que sumiu ao Estado nunha enorme débeda pública para rescatar aos bancos e que carrexou fortes recortes á cidadanía.

A epidemia mostrou o efecto da degradación dos servizos públicos reducindo a capacidade da cidadanía para enfrontarse ao COVID e, de novo, serviu de escusa para **esnaquizar e privatizar sectores enteiros do estado do benestar**. Agora preténdese esgrimir a guerra como pretexto para novos sacrificios. Mentres se insiste que non hai recursos para protexer á xente, para sanidade, educación ou as pensións, preténdese elevar o gasto militar do 1,2 ao 2% do orzamento público.

Comprobamos que **privatizar a provisión de dereitos sociais** como a sanidade, a educación ou as residencias en forma de negocios privados e subcontratacións, repercute nun claro empeoramento das prestacións e unha grave degradación das condicións de traballo neses sectores. Pero como o poder financeiro é insaciable, agora impón unha lei de Fomento dos Plans de Pensións de Empresa, (PPEs) coa complicidade do poder político e dalgúns sindicatos para apoderarse e privatizar a xestión das cotizacións sociais destinadas ás pensións públicas.

Sufrimos as consecuencias do incremento exponencial da débeda e o déficit público para rescatar ao sistema financeiro, e a imposición dunha política fiscal que beneficia as rendas de capital en detrimento das rendas de traballo e facilita a fraude fiscal empresarial. Para mostra un botón: en 2021 as empresas cotizadas en Bolsa, obtiveron uns beneficios de 64.021 millóns de euros e dentro delas as compañías de produción de enerxía gañaron 10.117 millóns, cuadruplicando os dos anos 2020 e 2019.

Non só estamos nunha crise, estamos tamén diante un roubo organizado para subtraer dos petos da xente as súas rendas e engordar con elas os beneficios dos oligopolios financeiros, da enerxía e das materias primas. A causa fundamental do incremento dos prezos, non son os salarios nin as pensións son quen en réxime de monopolio fixan os prezos para manter e incrementar os seus beneficios. No que vai de 2022, ademais do perdido en 2021 (3% no caso das pensións) a subida media dos salarios foi dun 2,4% e as pensións un 2,5% mentres o IPC real fíxoo nun 10,2%.

É unha crise económica, ecolóxica e social proxectada cun escenario de guerras pola disputa da hexemonía económica internacional co desvío de cuantiosos recursos públicos para a industria militar e o exército. Ademais da perda de liberdades, aumento da represión e o autoritarismo, **acentuarase a repartición desigual da riqueza mediante a crecente apropiación de recursos públicos por parte dos oligopolios financeiros** en detrimento de os recursos destinados a salarios, pensións, gasto social e a un modelo de desenvolvemento social e medioambientalmente eficiente.

No Outono **a batalla pola distribución xusta da riqueza e a equidade de xénero será crucial e o será especialmente na defensa dos salarios e pensións (novos recortes baixo o eufemismo de Pacto de Rendas)** e na súa vertente de mellora e defensa de servizos públicos universais e comunitarios como a sanidade, educación e socio sanitarios de atención á dependencia, serán o obxectivo de todo tipo de recortes e procesos de privatización.

Nesta situación, as plataformas e movementos de pensionistas dos diferentes Pobos e Comunidades do Estado abaixo asinantes, **o día 15 de Outubro mobilizáremos en Madrid** e escenificaremos diante do Congreso dos Deputados a entrega de decenas de miles de firmas recollidas pola revalorización das pensións en función do incremento do IPC acumulado anual, por unha Pensión Mínima do 60% do salario medio e polo rexeitamento á privatización do Sistema Público de Pensións (SPP). Tamén esixiremos a realización da auditoría das contas da Seguridade Social aprobada na Lei 21/2021, do 28 de decembro, e aínda non realizada malia que xa pasaron máis de 6 meses desde que esa Lei foi aprobada, e ese era o prazo máximo para a súa realización de acordo co texto da mesma lei.

Este será o primeiro paso dunha **mobilización xeral que realizaremos en novembro** nos Pobos e Comunidades do Estado, até reverter as contrarreformas que nos están impondo, acabar coa fenda de xénero en salarios e pensións, recuperar os dereitos perdidos nas sucesivas reformas de pensións, xerar unha repartición equitativa da riqueza e mellorar e garantir servizos públicos e comunitarios universais e de calidade.

Facemos un **chamamento expreso a participar** na mobilización ás persoas e plataformas pensionistas, ás traballadoras e traballadores e a cantas organizacións sociais e sindicais que compartan estes obxectivos queiran acudir. Todas e todos son benvidos.

¡¡Goberne quen governe, as pensións e os dereitos deféndense!!

¡¡O 15 de outubro todos en Madrid !!

ASJUBI40 (Asociación Jubilación Anticipada sin Penalizar),

COESPE (Coordinadora Estatal por la Defensa del Sistema Público de Pensiones),

EHPM (Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria),

MADPP (Movimiento Andaluz en Defensa de las Pensiones Públicas),

MODEPEN (Movimiento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos),

UNIDAD COESPE,

PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS de Badajoz, Móstoles ...